

DIRECCIÓN DE ENFERMERÍA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

CONVOCATORIA INTERNA PARA O PERSOAL CON PRAZA DE TÉCNICO EN FARMACIA DO
COMPLEXO HOSPITAL UNIVERSITARIO A CORUÑA

A Dirección de Enfermería da Área Sanitaria da Coruña e Cee

RESOLVE

A convocatoria de 4 postos de TECNICO EN FARMACIA para o CHUAC conforme ás seguintes

BASES:

Primeira: Características do posto que se convoca:

- Denominación: Técnico en farmacia
- Ubicación: CHUAC
- Nº de postos vacantes: 4
- Quenda de traballo: 3 postos en quenda fixa de mañá; 1 posto en quenda fixa de tarde

Segunda: A cobertura farase entre persoal estatutario con praza en propiedade no CHUAC, segundo os criterios de mobilidade en área determinada recollidos na base décimosegunda da convocatoria do concurso de mobilidade interna do persoal estatutario fixo do 13/09/18.

Terceira: O criterio de adxudicación será o de antigüidade como propietario na Unidade, sendo de aplicación no caso de empate o baremo xeral contido nas bases da convocatoria do concurso de mobilidade interna do persoal estatutario fixo do 13/09/2018.

Cuarta: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Complexo Hospitalario, mediante escrito dirixido á Dirección de Procesos de Enfermería no prazo de 6 días naturais a contar desde o día seguinte á data de publicación da convocatoria nos taboleiros de anuncios da unidade e na páxina do Espazo do Profesional.

A Coruña, a 20 de outubro de 2020

Asdo: Enrique González Rodríguez
Director de Enfermería